

Festas de Celeiro de Mariñaos

REHABILITACIÓN ► Na capela de San Caetano de Celeiro de Mariñaos, construída no século XVII e situada a uns cen metros dun importante xacemento castreño de orixe celta, gárdanse tres retábulos salientables pola súa calidade. As pezas serán obxecto de restauración proximamente

Patrimonio barroco en Barreiros

POR: D.M.
FOTOS: AMA

NA LADEIRA dos montes que rodean Celeiro de Mariñaos (Barreiros) polo suroeste, a uns cen metros dun importante castro de orixe celta, atópase a capela de San Caetano como se fose un mirador chantado no alto, sobre o val. A capela, construída no século XVII ao tempo que un pazo próximo, garda un importante retábulo barroco que acabou por sufrir os efectos do paso do tempo, un valioso tesouro histórico-artístico único na zona que vai a ser restaurado.

Trátase de tres pezas barrocas nobres con talla moi elaborada e bo dourado e estofado nas policromías, posiblemente realizados por un taller que se podería chamar «culto», polos seus coñecementos técnicos e artísticos, segundo salienta Blanca Besteiro, que dirixe o equipo de expertos que se vai a encargar da súa restauración.

CINCO TALLAS. O altar maior, de dous corpos, conserva cinco das tallas orixinais: Santa Tareixa de Xesús, que foi fundadora das Carmelitas Descalzas, portando libro aberto en alusión aos seus escritos ascéticos e místicos, obras mestras da literatura universal; Santa Xertrude a Grande ou a Magna, unha monxa beneditina famosa polos seus escritos ascéticos, fundamentalmente polas súas Revelacións, que se representa con báculo abacial por confusión coa súa homónima, abadesa do seu mosteiro e con corazón inflamado no peito, no que hai unha cativa imaxe do Neno Xesús; San Leandro, arcebispo de Sevilla e Doutor da Igrexa, representado cun corazón inflamado na man dereita, en alusión ao seu celo na defensa do dogma da Trindade contra os Arrianos, e dúas tallas de menor envergadura: San Xosé levando da man ao Neno Xesús e Cristo atado á columna.

OUTROS RETABLOS. Adosados ao arco triunfal, pódense observar os outros dous retabuliños, estes de menor envergadura, pero de igual delicadeza no traballo, tanto de talla coma de policromía, que están adicados, respectivamente, a San Caetano, fundador dos Cregos Teatinos, vestido con sotana moura coma a dos sacerdotes, rosario ao cinto e peitoral, representado en éxtase, cos brazos abertos mirando ao ceo, e a San Bernardo de Claraval, reformador da Orde Cisterciense, e chamado Doutor Melifluo pola suavidade da súa doutrina e carácter, que o artista soubo traducir no seu xesto. Porta báculo abacial e libro da Regra, como fundador e ao seu lado dous monxes tenants da súa Orde portan a Mitra Episcopal en alusión á



Imaxe da capela de San Caetano. AMA



O San Caetano dos anos 50

As festas da parroquia barreirense de Celeiro de Mariñaos na honra de San Caetano sempre contaron cunha grande participación. Nesta imaxe pódese ver a un grupo de veciños da localidade o día dos festexos durante a procesión, á saída da capela. A esquerda da fotografía aparece a imaxe de San Caetano.

súas varias renuncias a ter ostentado esa dignidade.

MÁIS PATRIMONIO. A capela de San Caetano é un dos monumentos do arte sacro máis destacados cos que conta o concello de Barreiros, entre os que tamén se atopan as igrexas de San Xusto de Cabarcos ou San Pedro de Benquerencia, ámbalas dúas do século XVI. Estes templos sufriron importantes modificacións ó longo da historia, que desvirtuaron o seu carácter orixinal, aínda que algunhas conservan elementos primixenios.

A igrexa de San Xán de Cabarcos foi edificada no século XVIII e as de San Xoán Bautista, en Vilamartín Pequeno, San Cosme de Barreiros e a capela do Carme de Cabarco, no século XVII. Outras manifestacións do arte relixioso son os variados cruceiros, conservados sobre todo nas proximidades de igrexas e capelas. Estas últimas tamén abundan. A máis antiga, aínda que tamén reformada é a de Santo Estevo, en San Cosme.

En canto á arquitectura popular, hai varios hórreos no barrio de Valdecaizno e en Cabarcos, e polo que respecta ó patrimonio de carácter civil, existen varias casas blasonadas de abolengo señorial. A maior parte delas están reconstruídas, como sucedeu coa antiga fortaleza da Torre, en Reinante, convertida en casa de campo, e que aínda conserva a súa pedra

de armas ou a casa torre de Pumarín, que ten unha inscrición e escudos de 1561. A torre do Pazo de Outeiro tamén se destruiu e queda como testemuña unicamente un escudo de pedra, ó igual que ocorre coa Casa do Barral de Celeiro.

Festexos Todo o pobo participa nas celebracións

O San Caetano estase a consolidar como unha das citas máis festivas e innovadoras das que se celebran durante os meses de verán na comarca mariñana. Destaca ademais polo seu carácter participativo, onde se implica todo o pobo, e este ano vén ademais, as festas están precedidas pola creación dunha asociación veciñal e cultural, a Irmandade San Caetano, que ten como principal obxectivo a recuperación deste entorno. A presente edición dos festexos, que dan comezo na xornada de hoxe, conta asimismo coa colaboración de distintos organismos públicos e de establecementos comerciais da zona. O obxectivo da organización é mellorar cada ano a calidade das actividades e concertos que se ofertan.